

XVI DÍA DA FAMILIA DE CULLEREDO **“ANO INTERNACIONAL DA RECONCILIACIÓN”**

O vindeiro domingo 14 de xuño se celebrará no Parque Recreativo de Acea de Ama o **“XVI DÍA DA FAMILIA DE CULLEREDO”** que organizan os distintos departamentos e áreas municipais coa participación das distintas Asociacións e Entidades de Culleredo.

Unha festa que dará comezo ás 10:00 horas e se prolongará ata as 22:00 horas cun extenso e animado programa de actividades para todas as idades.

Vén sendo habitual que o “Día Municipal da Familia” o adiquemos a causas universais coincidentes coas convocatorias de Organizacións internacionais, como neste caso no que a ONU decreta o “Ano Internacional da Reconciliación”, cando na encrucillada actual da civilización global assistimos a estalidos de violencia, desintegración social; cando se desenvolven novas barbaries contra das minorías, aumenta o número de refuxiados, avanza a destrución ambiental, a contaminación das augas, o aire, os alimentos, novas enfermidades, desastres tecnolóxicos, ocorren suicidios colectivos e preséntase o nihilismo como derrube de valores e paradigmas; por iso é perentorio e vital proclamar a Reconciliación como un camiño que nos leva á consecución da Paz mundial.

Reconciliación é unha palabra que transcrebe “a acción de restituír relacións quebrantadas, que significa restituír a unidade perdida pola humanidade, a causa do noso egoísmo, a ambición de poder, o afán de dominio sobre a natureza. Actitudes e paixóns que conducen á humanidade a unha ruptura consigo mesma e constituír dicotomías irreconciliables que persisten a través das épocas, involucrándose na guerra total, a discriminación e a catástrofe ecolóxica.

A Reconciliación é a vía da paz para mulleres e homes, para recuperar os equilibrios e as cadeas que sosteñen a natureza e o planeta, para rematar cos muros de intransixencias e egocentrismo, entre norte/sur, ricos/pobres, home/muller, xoves/vellos, cristiáns/islámicos, Goberno/cidadáns, Estados entre si. Reconciliación.

Disfrutemos, pois, das actividades programadas para esta XVI edición do “Día da Familia”, pero tamén reflexionando sobre como podemos contribuír para facer deste mundo un espazo para unha vida mellor.

As actividades se desenvolveran nos diferentes espazos deportivos ubicados no Parque Recreativo de Acea de Ama así como nas instalacións que o Concello deseñará para tal fin , comezando ás 10:00 horas co parque temático de fútbol que se desenvolverá ata as vinte horas. Outras actividades deportivas serán: aerobic, chave, quards, baloncesto, tiroliña , balonmán e túnel de aventura.

Nas Actividades Culturais destacarán como sempre a actuación de todos os grupos musicais e de baile de Culleredo así como diferentes espectáculos de variedades, organizado pola Concellería de Cultura de Culleredo.

As actividades culturais se desenvolverán nos seguintes espazos e horarios:

PALCO CENTRAL:

Mañán

- 11:45 - ESCOLAS MUNICIPAIS DE BAILE GALEGO
- 12:15 - BANDA DE GAITAS "AIRIÑOS DE FENE"
- 12:55 - HOMENAXE DO CONCELLO AO MEMBRO DE PROTECCIÓN CIVIL "ANA BRA"
- 13:00 - ACTUACIÓN ESTELAR: MUCHA E NUCHA "AS PANDERETEIRAS DE ARDEBULLO"

Tarde

- 16:30 - GRUPO DE GAITAS "TOXOS E XESTAS" DO C.C.DE RUTIS
- 17:00 - GRUPO MUSICAL DE MAIORES DE CULLEREDO
- 17:30 - CORAL DE MAIORES DE CULLEREDO
- 18:00 - CORAL DE MULLERES DE VILABOA
- 18:30 - CORAL "FONTE DO SOUTO" DE CULLEREDO
- 19:00 - AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA "ANCORADOIRA" DO CONCELLO DE CULLEREDO.
- 19:30 - ESPECTÁCULO "DE DANZA DO VIENTRE": "A PRINCESA SORAYA"

En distintos espazos do recinto e durante todo o día esta previsto ademais das reseñadas e organizadas pola Concellería de Cultura as actuacións de:

Ás 12 h. - C. Aeróbic de Culleredo: chear leader; e pola tarde o teatro de rúa co grupo "TEATRO DA GAVELA".

Se alguén é especial protagonista do Día da Familia son os nenos e nenas que terán durante todo o día actividades de ensino que se desenvolverán en horarios de mañá e tarde.

Asi mesmo haberá diversos obradoiros culturais de coiro, globoflexia, abaloiros, vidro, etc.

Como todos os anos os máis pequenos poderán disfrutar con Culleredolandia con 7 castelos inchables, circuito de karts, rocódromo, obradoiros con WII, pista americana, fútbol humano, tren infantil, toro mecánico, gardería, karaoke, rocódromo, festa da espuma.

Noutra carpa no exterior diferentes ONGs exporán as súas actividades e poñerán á venda produtos de prezo xusto, nunha colaboración que se remonta a primeira

edición do Día da Familia, estarán: Mestura, Alcer, Irmandade de Donantes, Ecos do Sur, Equis Zebra, Meniños, Alma Solidaridade Galega e Unicef.

Como é tradicional as distintas Asociacións e Entidades de Culleredo exporán información das súas actividades no Pavillón Central do Parque de Acea de Ama, onde tamén se fará unha Exposición dos distintos Departamentos Municipais, que presentarán as últimas novidades e actividades. Así mesmo, como ben sendo tradicional nos últimos anos, a Asociación Bonsai Coruña organizará unha exposición de bonsais de alto valor artístico.

Ademais numerosos artesáns de coiro, madeira, xoiería, cantería, etc., terán un espacio expositivo no día da familia, así como postos de xelados, rosquillas, larpeiradas, etc.

Haberá neste Día da Familia unha zona dedicada a exposición dos diferentes Departamentos Municipais e das entidades e asociacións do Concello de Culleredo.

O Día da Familia, instituíuse no ano 1993 polo Concello de Culleredo, a xeito de Romaría Civil das familias cullerdenses, das asociacións municipais para amosar anualmente os feitos mais relevantes do realizado polos distintos departamentos municipais.

O Día da Familia é tamén unha gran cita gastronómica onde ademais de xuntar moitos colectivos que fan a súa comida anual nese entorno, contamos cunha infraestrutura de bares, pulpeiras, etc., para recoller a demanda de milleiros de persoas que non queren perder esta cita anual dos cullerdenses.

Culleredo, 9 de xuño de 2009.

O CONCELEIRO DE CULTURA



Asdo.: Celestino Foza Domínguez.